



A FOLLA DA CGT

Núm. 7 - 23 xaneiro 2020

A CGT denuncia a NAVANTIA

Como informamos a semana pasada, Navantia esixiu asinar un documento cunha cláusula de confidencialidade como condición para entregar as listas publicadas de admitidos e non admitidos cos nomes e apelidos completos. Esa cláusula implicaba que as listas se lle entregarían a un delegado da **CGT**, quen non podería darllas a coñecer a absolutamente ninguén.

¿É informar a unha sección sindical darlle a información a un só delegado e que este non poida compartila co resto dos delegados? Desde o noso punto de vista, non.

¿Hai algunha razón legal para semellante restrición da información? Non, como demostra que na factoría de Cartagena as listas cos nomes e apelidos completos se publican no portal de emprego da web de Navantia.

Polo tanto, entendendo que dita cláusula representa unha violación do dereito de información da **CGT** e que só responde ó interese da empresa por impoñer un modelo de relacións laborais no que os asuntos se tratan no escurantismo dos círculos pechados, decidimos non asinala e presentar a correspondente denuncia contra Navantia ante a Inspección provincial de Traballo, esixindo a entrega á nosa sección sindical da información solicitada.

Aínda que sexa en solitario, a **CGT** vai plantarlle cara ás decisións arbitrarias da empresa.



NAVANTIA quiere represaliar ós traballadores da UTE de mantemento

O día 15 houbo unha xuntanza entre a comisión da IA e os departamentos de Compras e RRHH de Navantia. No punto de varios, a **CGT** preguntou como se atopaba a licitación do mantemento na ría de Ferrol e cal era a perspectiva.

A resposta do xefe de Compras foi clara: a prórroga da licitación remata a 30 de xuño e, a partir dese momento, Navantia recuperará o mantemento.

Se Navantia pretende recuperar o mantemento **só na ría de Ferrol** é para lograr o que non logrou hai uns meses: despedir a traballadores da UTE. Dado que o pasado outono obrigaron á súa empresa a readmitir ós despedidos e dado que o dereito de subrogación introducido no convenio provincial trala folga das auxiliares de 2017 lles garante os postos de traballo en caso de cambio na empresa adxudicataria, Na-

vantia se busca outra vía para lograr o seu obxectivo. Visto o aumento da subcontratación que está supoñendo o plan de empresa, non cabe outra explicación.

A viñeta



Carga de traballo

O venres 17, o comité de Ferrol recibiu un correo informando de que a reunión coa Xunta, solicitada en decembro, sería o martes 21 pola tarde.

O luns reuníronse as permanentes de Ferne e Ferrol para concretar as mobilizacións previamente acordadas entre os comités da principal e os delegados da IA.

Nesa reunión tamén se informou de que o mércores 29 pola mañá haberá reunións con tódolos grupos do parlamento galego.

A proposta da **CGT** nesa permanente conxunta foi facer unha mobilización o martes 21 pola mañá (día da reunión coa Xunta) porque iso foi o que se acordara cos delegados da IA e porque, dado que xa hai goberno, cremos importante aproveitar tódalas ocasións para proxectar publicamente o problema da falta de carga de traballo.

A proposta non foi apoiada por ninguén, pero si se acordou realizar mobilizacións o mércores 29.

Pases por minutos

A **CGT** presentou no comité un escrito propoñendo esixirle á empresa que o desconto do tempo dos pases se faga sempre por minutos. En pleno século XXI, na era dixital, do 4.0, etc., etc., etc., **non existe xustificación** técnica alguna para manter o cómputo por bloques de 15 minutos que se vén utilizando nalgúns casos.

Aumento salarial 2020

O goberno aprobou un **incremento salarial** do 2% para os traballadores da Administración e das empresas públicas. A maiores, e dependendo da taxa de crecemento do PIB en 2019, podería haber un incremento adicional de até o 1% con efectos de 1 de xullo de 2020.

Por outra banda, este ano tamén ten que aplicarse un incremento do 0,25% autorizado o ano pasado e que terá efectos do 1 de xaneiro de 2019.

Novos ingresos

O venres pasado, a **CGT** propuxo na comisión de Formación pedirle á empresa tres datos sobre o proceso de reclamacións:

1. Número de reclamacións analizadas.
2. Número de reclamacións aceptadas.
3. Número de reclamacións rexeitadas.

Dado que a empresa comezou a analizar as reclamacións o mércores 8, pareceunos que oito días laborables xa permitían facer unha primeira avaliación sobre a marcha do asunto. Lamentablemente, a empresa respondeu hoxe que dará esa información cando remate a comprobación de tódalas reclamacións recibidas.

Non hai razón para ter que esperar a que a empresa remate para que a comisión poida revisar o que estea oportuno. O lóxico sería ir coñecendo que criterios se están usando.

Outro exemplo máis da política de feitos consumados coa que a empresa quere abocar ós resultados que lle interesan. A dirección actúa como se Navantia non fose unha empresa pública.



Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13

Correos electrónicos:
cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

